

CICLO MEDIO DE XESTIÓN ADMINISTRATIVA (PRESENCIAL)

O CPR. Nebrija Torre de Hércules é un centro homologado e concertado coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que formou profesionais da rama administrativa na cidade de A Coruña dende o ano 1945.

O Ciclo Medio de Técnico en Xestión Administrativa **é totalmente gratuito, sen matrícula nin cotas mensuais**. Para cursalo debe cumprir algún dos seguintes **REQUISITOS DE ACCESO**:

Posuír Título da ESO, ESA, FP Básica, proba de Acceso a Ciclo Medio, Título de técnico, Título de Bacharelato, Título de técnico superior ou de técnico especialista, Título universitario, proba de acceso á Universidade ou 2º BUP con ata dous módulos suspensos.

O Ciclo Medio de Xestión Administrativa ten unha **DURACIÓN** de dous cursos académicos de setembro a xuño.

O **PRIMEIRO CURSO** realízase no centro escolar en horario de mañá (de 8:30h a 15h) e unha tarde á semana (2 horas e media). Os módulos do primeiro curso son os seguintes:

- MP0449. Formación e orientación laboral.
- MP0156. Inglés.
- MP0448. Operacións auxiliares de xestión de tesourería.
- MP0438. Operacións administrativas de compravenda.
- MP0440. Tratamento informático da información.
- MP0441. Técnica contable.

SEGUNDO CURSO, tamén en horario de mañá e unha tarde (2 sesións de 50 minutos), está organizado en dous trimestres académicos no centro educativo e no caso de ter superado todos os módulos, no último trimestre realizaranse as prácticas en empresas coas que temos convenio asinado que son entre outras: El Corte Inglés, Magny Seguridad, Proteo Ingeniería, Adaro Asesores, Clínica Zurich ... Os módulos do segundo curso son os seguintes:

- MP0437. Comunicación empresarial e atención á clientela.
- MP0439. Empresa e Administración.
- MP0442. Operacións administrativas de recursos humanos.
- MP0443. Tratamento da documentación contable.
- MP0446. Empresa na aula.
- MP0451. Formación en centros de traballo. (3º trimestre abril-xuño)

O período de **RESERVA DE PRAZA** iníciase a mediados do mes de xuño e dura aproximadamente 15 días. **SE DESEXA QUE O AVISEMOS** cando comece o período de reserva, conteste a este correo indicando o seu nome, apelidos e medio de contacto polo que desexa ser avisado (**correo electrónico ou teléfono**).

IMPORTANTE. ADAPTACIÓN Á NORMATIVA COVID-19:

Durante o curso escolar 2020-2021, para cumprir a normativa do Covid-19 mantendo todos os postos escolares a metro e medio, o 1º curso impartíuse en horario de mañá (de 8:00h a 13:20h) e o 2º curso en horario de tarde (de 15:30h a 20:50h), impartindo a maiores un 20% das horas do ciclo online.

Dependendo da evolución da pandemia e a normativa da Consellería de Educación para o curso 2021-2022, estes horarios poderían manterse ou ser adaptados.

Máis información no teléfono 981 259 006 ou na web: www.cprnebrija.es